



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 25
2 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPG182ZrGDdD3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.3. Proposicións de reforma do Regulamento do Parlamento

Resolución da Presidencia, do 2 de outubro de 2020, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, formulada polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia [11/PPLR-000001, (doc. núm. 2878)] [7318](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación con modificacións

844 (11/PNC-000055)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre as medidas encamiñadas a reducir o IVE turístico para a recuperación económica dos profesionais do sector en Galicia [7315](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

1980 (11/PNC-000220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre o impulso por parte do Goberno galego da convocatoria da Mesa de traballo para a transición enerxética xusta, co fin de abordar e planificar a resposta á situación actual, así como de deseñar o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona das Pontes [7315](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

1032 (11/PNC-000080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da garantía e axilización da execución dos fondos Feder para acadar a cobertura mínima de acceso á internet de 100 Mbps para a totalidade da cidadanía [7316](#)



Rexeitamento da iniciativa

■ 1072 (11/PNC-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego dos compromisos establecidos no Plan de banda larga 2020

[7316](#)

■ 1935 (11/PNC-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre a inclusión polo Goberno galego do concello de Viveiro e do polígono industrial de Landrove no Plan de banda larga de Galicia 2020

[7316](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 29 de setembro de 2020 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 23, do 30 de setembro de 2020)

[7317](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.3. Proposicións de reforma do Regulamento do Parlamento

Resolución da Presidencia, do 2 de outubro de 2020, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, formulada polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia [11/PPLR-000001, (doc. núm. 2878)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 2878, o escrito dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, polo que formulan a Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia [11/PPLR-000001, (doc. núm. 2878)].

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia, por lectura única (doc. núm. 2878), presentado polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba un texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

3º. Abrir o prazo de presentación de emendas ata as 18:30 horas do luns 5 de outubro de 2020.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento.

5º. Publicar a proposición de lei e a presente resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 1 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:



Aprobación con modificacións

- 844 (11/PNC-000055)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre as medidas encamiñadas a reducir o IVE turístico para a recuperación económica dos profesionais do sector en Galicia

BOPG nº 9, do 02.09.2020

Sométese a votación coa emenda de adición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 2620 e resulta aprobada, por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central:

1º. Reducir o IVE turístico, unha medida fundamental para a recuperación económica dos centos de miles de profesionais do sector turístico en Galicia.

2º. Reducir o IVE cultural ao 4 %, como medida necesaria para a recuperación dun sector relacionado co sector turístico.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 1980 (11/PNC-000220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre o impulso por parte do Goberno galego da convocatoria da Mesa de traballo para a transición enerxética xusta, co fin de abordar e planificar a resposta á situación actual, así como de deseñar o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona das Pontes

BOPG nº 19, do 22.09.2020

Sométese a votación a emenda de substitución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 2740, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a convocatoria urxente da Mesa de traballo para a transición enerxética xusta para As Pontes, así como a constitución dunha mesa específica para tratar a problemática do persoal da industria auxiliar de Endesa, co obxecto de concretar o número de traballadores/as afectados/as e a súa garantía de emprego.»



Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 1032 (11/PNC-000080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da garantía e axilización da execución dos fondos Feder para acadar a cobertura mínima de acceso á internet de 100 Mbps para a totalidade da cidadanía

BOPG nº 11, do 04.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central para demandarlle que garanta e axilice a execución dos fondos FEDER para acadar o obxectivo de cobertura mínima de acceso á internet de 100 Mbps para o 100 % da cidadanía.»

Rexeitamento da iniciativa

- 1072 (11/PNC-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego dos compromisos establecidos no Plan de banda larga 2020

BOPG nº 12, do 08.09.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 1935 (11/PNC-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre a inclusión polo Goberno galego do concello de Viveiro e do polígono industrial de Landrove no Plan de banda larga de Galicia 2020

BOPG nº 19, do 22.09.2020

Sométese a votación a transacción do texto orixinario co punto primeiro da emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 2758 e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 29 de setembro de 2020 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 23, do 30 de setembro de 2020)

Advertido un erro material na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 29 de setembro de 2020, publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 23, do 30 de setembro de 2020, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 6135 do fascículo 2 debe omitirse o seguinte acordo:

«Procedementos de control e impulso
Proposicións non de lei en Pleno

Admisión da corrección e publicación

- 1507 - 2573 (11/PNP-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais BOPG nº 15, do 16.09.2020

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 2573.»

Na páxina 6361 do fascículo 3 debe omitirse o seguinte acordo:

«Procedementos de control e impulso
Proposicións non de lei en Comisión

Admisión da corrección e publicación

- 1506 - 2572 (11/PNC-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais BOPG nº 15, do 16.09.2020

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 2572.»

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a través dos seus portavoces e da súa portavoz, ao abeiro da Disposición derradeira segunda e do artigo 122 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia por lectura única.

1. Antecedentes

1.1. Dereito Comparado

Ante a pandemia da covid-19, os Parlamentos e outras institucións de gobernos están suxeitos ás mesmas medidas de distanciamento social que outras organizacións públicas e privadas. No entanto, en tempos de crise, o papel do Parlamento é máis vital que nunca para aprobar leis de emerxencia, asignar recursos e controlar a acción do goberno. Algúns parlamentos están a modificar leis e procedementos para permitir o traballo remoto, algúns seguiron a reunirse fisicamente e outros abstivéronse totalmente. A Unión Interparlamentaria (UIP) está axudando a facilitar a coordinación interparlamentaria e a solidariedade compartindo exemplos de como os parlamentos poden continuar legislando, debatendo e analizando as accións do goberno nun momento de bloqueo e distanciamento.

1.2. Noutras comunidades autónomas

Hai que dar conta das seguintes actuacións:

CASTELA-A MANCHA

REFORMA DO REGULAMENTO. O Pleno das Cortes de Castela-A Mancha aprobou o 10 de setembro por unanimidade a ampliación do uso de ferramentas telemáticas na actividade parlamentaria, acordada previamente polos tres grupos representados na Cámara, durante o que foi o primeiro pleno do novo período de sesións. A reforma do Regulamento, a cuarta que se leva a cabo nesta lexislatura, permite ampliar os supostos de uso de ferramentas telemáticas nos plenos, cun cambio no artigo 84 bis para abordar máis casos en que a Mesa pode decidir a celebración de plenos por videoconferencia —ata agora só en caso de estado de alarma— e cunha modificación do artigo 111 c para ampliar os supostos de uso de voto telemático, tamén con autorización previa da Mesa. En xullo xa aprobara outra reforma do regulamento para habilitar a celebración de sesións por videoconferencia (10/REGL-00003) e unha Resolución supletoria da Presidencia sobre celebración de sesións por videoconferencia (10/REGL-00003).

ASTURIAS

O 20 maio de 2020 aprobou a Reforma do Regulamento no seu artigo 111.2



sobre voto telemático (en situacións excepcionais que impidan a normal presenza dos deputados na Cámara.)

ARAGÓN

Resolución da Presidencia das Cortes de Aragón, do 8 de abril de 2020, pola que se modifica o artigo 1 da Resolución que regula a emisión de voto non presencial nas Cortes de Aragón.

Causas de emisión de voto non presencial:

O deputado que prevea a súa ausencia nunha sesión do Pleno da Cámara por razón de incapacidade temporal, permiso de maternidade ou paternidade ou risco durante o embarazo, así como por outras causas que impliquen risco constatable para a súa saúde ou integridade, cando estas situacións imposibiliten a presenza física na votación correspondente, poderá solicitar da Mesa da Cámara a oportuna autorización para emitir voto non presencial.

CANARIAS

Modificación do Regulamento do Parlamento, aprobada en sesión plenaria do 20 de maio de 2020 (sobre voto telemático).

BALEARES

Marzo 2020. Acordos da Mesa do Parlamento respecto de sesións non presenciais da Mesa e a Xunta de Portavoces, da Deputación Permanente, da votación telemática e das condicións das videoconferencias.

A RIOXA

Abril 2020. Resolución da Presidencia sobre reunións telemáticas das comisións constituídas no seo do Parlamento de La Rioja durante a situación de crise sanitaria xerada polo coronavirus (covid-19).

NAVARRA

Acordo da Mesa, do 18 de maio, sobre instrucións para a celebración das sesións telemáticas do Pleno e das Comisións do Parlamento de Navarra.

MADRID

O 14 de abril tivo unha reunión telemática dunha comisión (acordo da Mesa do 11 abril).

2. Exposición de motivos

A actual e excepcional situación de emerxencia sanitaria derivada da covid-19 esixe unha resposta normativa ante a eventual imposibilidade ou dificultade de que a Cámara galega desenvolva as súas funcións e celebre as súas sesións con normalidade. Na actualidade, o RP prevé o voto delegado e telemático dos deputados e deputadas para os supostos de embarazo, maternidade ou paternidade, polo que, por razóns de seguridade xurídica, se fai necesario regular e dar solución a situacións excepcionais que impidan o funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos parlamentarios, engadindo a



situación de risco na saúde como causa que permita delegar o voto ou exercelo telematicamente.

Respecto das posibilidades de funcionamento da Cámara no caso de imposibilidade de presenza física dos deputados e deputadas nesta situación de pandemia, deben tomarse en conta normas aplicables a esta cuestión como o Estatuto de autonomía de Galicia (artigo 12), cando dispón que o Regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de Grupos Parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces. Os Grupos Parlamentarios participarán en todas as Comisións en proporción ao número dos seus membros.

O Regulamento do Parlamento de Galicia prevé, no seu artigo 84, o seguinte:

«1. Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.

2. Computaranse como presentes nunha votación as deputadas e os deputados da Cámara que malia estaren ausentes fosen autorizados expresamente pola Mesa do Parlamento para participar na devandita votación a través dos mecanismos previstos neste Regulamento.

3. O voto das deputadas e dos deputados é persoal e indelegable, agás nos casos de embarazo, maternidade ou paternidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificadas. A Mesa do Parlamento, mediante resolución motivada, poderá autorizar que a deputada ou o deputado poida participar nas votacións a través dos sistemas de voto delegado ou voto telemático.

4. O voto delegado: as deputadas e os deputados poderán delegar o seu voto noutra deputada ou deputado do seu mesmo grupo parlamentario. Para tal efecto, a deputada ou o deputado dirixirá escrito á Mesa do Parlamento, no que se farán constar o nome da deputada ou do deputado que delega o seu voto, o nome da deputada ou do deputado que recibe a delegación e o período de duración da delegación ou os debates e as votacións en que debe exercerse. Deberá constar, así mesmo, mediante sinatura, o coñecemento da ou do portavoz do grupo parlamentario correspondente. A delegación non se entenderá prorrogada tacitamente.

5. O voto telemático: as deputadas e os deputados poderán exercer o seu voto telematicamente. Para tal efecto, dirixirán escrito á Mesa do Parlamento, no que se fará constar o seu nome, as votacións ou o período de tempo durante o cal poderá emitir o seu voto a través deste procedemento.



6. Ningunha deputada nin deputado poderá tomar parte, directamente ou mediante delegación, nas votacións sobre resolucións que afecten o seu estatuto de deputados.»

Pola súa banda, o Pleno do Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 19/2019, do 12 de febreiro de 2019, en relación coa impugnación de disposicións autonómicas 492-2018, formulada polo Goberno da Nación, pronunciose sobre os criterios xerais de funcionamento persoal das cámaras parlamentarias que non impiden a súa excepción por motivos epidemiolóxicos excepcionais como ocorre da práctica parlamentaria comparada.

Artigo único. *Modificación do artigo 84 do Regulamento do Parlamento de Galicia*

Engádese ao artigo 84 do Regulamento do Parlamento de Galicia unha nova alínea 7, que queda redactada nos termos seguintes:

«A Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, poderá habilitar excepcionalmente e por tempo determinado a presenza, o voto delegado, sistemas de videoconferencia ou calquera outro sistema técnico viable e adecuado que garanta, para todos os efectos regulamentarios, a asistencia e participación nas sesións e nos debates e o exercicio do dereito de voto por quen non puiden asistir ás sesións de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación declarada polas autoridades sanitarias públicas competentes que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente reforma regulamentaria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2020 10:28:07

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2020 10:30:41





Gonzalo Caballero Míguez na data 02/10/2020 10:50:31



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG182ZrGDdD3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

